

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA AXUDAS DENTRO DO SUBPROGRAMA ESTATAL DE INFRAESTRUTURAS DA ACCIÓN ESTRATÉXICA EN SAÚDE 2017-2020

No BOE de data 22 de xullo de 2021 publicouse o extracto da resolución da Dirección do Instituto de Saúde Carlos III pola que se aproba a convocatoria para a concesión de subvencións para axudas dentro do Subprograma Estatal de Infraestruturas da Acción Estratéxica en Saúde 2017-2020, con cargo aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. O texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións, co identificador BDNS: 576575 (clic [AQUÍ](#)).

As propostas que se presenten deberán coincidir con algunha das seguintes actuacións:

- **Infraestruturas científicas singulares do Sistema Nacional de Saúde.**
 - **Obxecto:** A adquisición e o desenvolvemento de grandes infraestruturas científicas que permitan a xeración dun salto cualitativo na produción científica.
 - **Beneficiarios:** institutos de investigación sanitaria acreditados por orde ministerial.
- **Adquisición de equipamentos e infraestruturas científico-técnicas.**
 - **Obxectivo:** Fortalecer as capacidades de investigación dos grupos de investigación mediante a adquisición de infraestruturas que permitan mellorar o seu rendemento científico.
 - **Beneficiarios:** institutos de investigación sanitaria acreditados por orde ministerial e as institucións sanitarias públicas con actividade clínico-asistencial ou sen ela.

A contía máxima destinada para estas axudas é de 15.000.000 €.

O prazo de presentación de solicitudes é do 29 de xullo **ata as 15:00 h do 9 de setembro de 2021.**

No lateral dereito dispoñedes dun acceso á resolución.

CONVOCATORIA
DE 2021 DAS
AXUDAS DO
SUBPROGRAMA
DE
INFRAESTRUTURAS

Fichas resumo da
convocatoria

Resolución da
convocatoria de
2021